

APERTURA DA BOLSA DE EMPREGO DE CORREOS

O concello de Outes informa de que Correos fai pública a Convocatoria para formar parte das novas Bolsas de Emprego de 2017 destinadas para a cobertura de necesidades de carácter temporal en postos operativos.

Estas Bolsas perseguen o obxectivo de posibilitar a contratación de persoal laboral para atender, por distintas necesidades, a cobertura temporal dos postos de: Atención ao Cliente, Axente Clasificación, Repartición1/servizos rurais motorizados e Repartición 2/servizos rurais non motorizados. As persoas candidatas poderán inscribirse nun máximo de 2 bolsas.

As Bolsas configuradas utilizaranse tanto para a contratación de necesidades a tempo completo como para tempo parcial. En todo caso, o candidato poderá indicar na súa solicitude, como máximo, dúas modalidades de xornada das catro posibles:

- Tempo completo
- Tempo parcial con distribución diaria de luns a venres
Mínimo de 4 horas/diarias continuadas, excepto no ámbito rural
- Tempo parcial por días, determinados días á semana
Mínimo de 2 días semanais e con polo menos 4 horas/diarias continuadas, excepto no ámbito rural
- Venres, Sábados, Domingos e/ou Festivos
Mínimo de 7 horas/diarias continuadas, excepto en Loxística e no ámbito rural

As solicitudes presentaranse, exclusivamente de forma online, na páxina habilitada para o efecto na internet www.correos.es (Inicio/ Información Corporativa/ Recursos Humanos/

Emprego/ Bolsas de Emprego 2017) e en Conecta, a intranet de Correos. Para gravar/cumprimentar a solicitude seguiranse as instrucións que figuran na mesma. Non se admitirán solicitudes presentadas de distinta forma.

O prazo de presentación de solicitudes remata o **3 de novembro**.

- Máis información e inscrición na seguinte ligazón: http://www.correos.es/ss/Satellite/site/pagina-1363199399563/sidioma=es_ES
- Ou ben contactando ca orientadora laboral:
Rúa da Capela nº 13 1º andar (Outes)
Teléfono: 981 851 094
Atención ó público: mércores, xoves e venres de 08:00 a 15:00 h